



**ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN DE ACTIVIDADES E SERVIZOS DO
CONSELLO SOCIAL DO 21.11.2019**

LUGAR: Sala II do Edificio Miralles - Campus de Vigo

DATA: 21.11.2019

HORA DE COMEZO: 12:10 h.

HORA DE REMATE: 12:45 h.

LISTA DE ASISTENTES

D. Ernesto Pedrosa Silva

D. Miguel Ángel Michinel Álvarez

D. César Blanco Gómez

D. José M^a Franco García

D^a Marta Iglesias Bueno

ESCUSAN ASISTENCIA

D^a Mercedes Castro Mouzo

D^a Ana Isabel Vázquez Reboredo

Secretario: D. Ignacio Rodríguez Iglesias



O xoves, día 21 de novembro de 2019, ás 12:10 horas, celebrouse reunión ordinaria da Comisión de Actividades e Servizos do Consello Social da Universidade de Vigo co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

ORDE DO DÍA

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (10.10.2019).
2. Informe do presidente.
 - a) Programa definitivo da Gala do Deporte (pendente CAS 10.10.2019).
 - b) Listado axudas.
3. Acordo que proceda sobre a axuda solicitada para a edición en galego e castelán do informe "100 titulacións da UVigo (1990/2015). Formación complementaria e especialización profesional das persoas tituladas", traballo elaborado dentro do proxecto Observatorio de Egresados.
4. Aprobación, se procede, da convocatoria de Prácticums para o curso 2019/2020, e da dotación económica correspondente, para elevación ao Pleno do Consello Social.
5. Aprobación, se procede, da Memoria de actividades do Consello Social correspondente ao 2018, e da edición da publicación en soportes dixital e impreso.
6. Rogos e preguntas.

Agradece o presidente a asistencia dos presentes e xustifica as ausencias de Ana Isabel Vázquez e de Mercedes Castro.

PUNTO 1

Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (10.10.2019).

- ***Apróbase por asentimento.***

PUNTO 2

Informe do presidente.

- a) *Programa definitivo da Gala do Deporte (pendente CAS 10.10.2019).*
- b) *Listado axudas.*

Da conta Ernesto Pedrosa da recepción do programa final da Gala do Deporte, documento ao que estaba condicionada a axuda concedida pola Comisión na reunión do 10 de outubro de 2019. Neste mesmo punto informa das axudas aprobadas pola Comisión ao longo de 2019, e unha comparativa cos importes totais dende 2014, gráfica da que reciben copia os membros.

PUNTO 3

Acordo que proceda sobre a axuda solicitada para a edición en galego e castelán do informe "100 titulacións da UVigo (1990/2015). Formación complementaria e especialización profesional das persoas tituladas", traballo elaborado dentro do proxecto Observatorio de Egresados.

Informa o presidente do acordo ao que se chegou coa Reitoría para que o Observatorio de egresados pase a ser competencia plena da UVigo. Neste senso matiza que, despois de asumir integramente a iniciativa durante os últimos anos, o Consello Social continuará a facer accións illadas que se requiran para garantir a súa plena operatividade. Esta publicación culmina un traballo iniciado en 2017 por Luis Espada e Víctor M. Cacharrón, baixo o patrocinio do Consello



Social, para achegarse aos máis de 70 mil titulados na UVigo entre 1990 e 2015, con vistas á creación dun Observatorio de egresados. Trátase neste informe, entre outros obxectivos, de coñecer as necesidades formativas complementarias de especialización profesional que tiveron os titulados para a súa inserción laboral unha vez rematados os estudos, e identificar as materias nas que poderían transmitir a súa experiencia profesional ao alumnado dos últimos cursos. Por último notifica o contido da proposta e das diferentes opcións que se presentan respecto das cantidades de exemplares a imprimir. Propón que se editen 250 en castelán e 250 en galego, e se adxudiquen á oferta máis baixa das presentadas, por un importe conxunto de 8.318,44 euros.

- ***A Comisión aproba a proposta para pasar ao Pleno.***

PUNTO 4

Aprobación, se procede, da convocatoria de Prácticums para o curso 2019/2020, e da dotación económica correspondente, para elevación ao Pleno do Consello Social.

Valóranse os resultados e o desenvolvemento das actividades na anterior convocatoria e a favorable e crecente acollida que teñen estas axudas nos centros, porque permiten desenvolver aprendizaxes de formación práctica para o estudantado que doutro xeito dificilmente se poderían realizar. Resume o secretario que no curso anterior foron atendidas as peticións de once centros, aos que se concederon axudas comprendidas entre os 1.300 e os 3.900 €. Engade que dos 30 mil euros concedidos, ao día da data están pendentes de xustificar en torno a un 8%. Proponse abrir unha nova convocatoria para o curso 2019-2020 mantendo as bases e a asignación económica global de 30 mil euros, cun máximo de 5.000 € por centro.

- ***A Comisión informa favorablemente.***

PUNTO 5

Aprobación, se procede, da Memoria de actividades do Consello Social correspondente ao 2018, e da edición da publicación en soportes dixital e impreso.

Avaliase a redacción de texto, que se achega aos membros, e a distribución da Memoria, consonte ao recollido no artigo 75.2b da Lei 6/2013 do Sistema Universitario de Galicia. Propón o presidente autorizar a edición impresa de 300 exemplares por 4.582,20 €, ademais de 50 pendrives de 8 GB impresos co logo do Consello Social, por importe 1.043 euros, ámbalas dúas cantidades lixeiramente inferiores ás correspondentes en 2018 e mantendo as mesas prestacións e similar paxinación. A Comisión ACORDA:

- ***Aprobar a proposta.***

PUNTO 6

Rogos e preguntas.

Non hai.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 12:45 horas do 21 de novembro, da que eu como secretario dou fe, co visto e prace do presidente.

Vº. e pr.,

O presidente,

O secretario,

Ernesto Pedrosa Silva

Ignacio Rodríguez Iglesias